



CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

## **ANUNCIO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS MUNICIPAIS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA ANO 2014 CONCELLO DE GONDOMAR**

Mediante Resolución desta Alcaldía con data 29 de outubro de 2014, acordouse efectuar a convocatoria para a concesión en réxime de concorrencia competitiva das seguintes subvencións para o exercicio 2014, que se inserta a continuación:

- Subvencións a Asociacións, entidades ou persoas físicas que desenvolvan actividades que persigan un fin social.
- Subvencións para a execución de actividades de Promoción deportivas.
- Subvencións para a execución de actividades de Promoción e Desenvolvemento Cultural.

### **BASES REGULADORAS**

As bases reguladoras da concesión das subvencións en réxime de concorrencia competitiva para o exercicio 2014 están incluídas na propia convocatoria e aprobadas por Resolución de alcaldía de data 29 de outubro de 2014.

### **OBXECTO DA CONVOCATORIA**

A presente convocatoria ten por obxecto regula-lo procedemento de concesión de subvencións en réxime de libre concorrencia para fomenta-lo desenvolvemento de actividades, execución de obras ou investimentos, adquisición de subministrados e outros que persigan a consecución de obxectivos de carácter social ou comunitario, ou que redunden en beneficio da colectividade entre os veciños de Gondomar.

### **PRAZO DE PRESENTACIÓN DESOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN**

O modelo de solicitude, co resto da documentación requirida, presentarase no rexistro municipal do Concello, no prazo de DEZ DIAS, contados dende o día seguinte a súa publicación no ATLANTICO DIARIO.